

Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional

Guía de traballo

Esta manual vai dirixido aos profesores e profesoras que colaboran no proxecto de recollida de léxico tradicional, dentro do programa *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional* do plan Proxecta. Nel ofrécese indicacións básicas sobre o traballo de documentación dos materiais: características da enquisa, selección das persoas informantes e procesamento da documentación recollida.

A finalidade deste programa é promover nos alumnos e alumnas o interese sobre o léxico tradicional, sobre o galego e de xeito xeral sobre a cultura local e tradicional. O elemento que se emprega como motivo son as formas léxicas asociadas a cinco ámbitos da cultura tradicional: os xogos, o viño e a vendima, a elaboración e tipos de pan, a mata do porco e as actividades pesqueiras. O labor que se propón dentro do programa supón a recollida de información ligada con estes campos léxicos, o tratamento e aproveitamento desta información e a divulgación dos resultados por medio dunha páxina web similar a algunhas outras existentes, como o [Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués](#), [Usemos as nosas palabras](#) e [Verba Alpina](#).

A continuación ofrécese unha descrición das tarefas que deben desenvolver os grupos de traballo. Os arquivos aos que se fai referencia poden descargarse e consultarse no blog do programa: <https://ilg.usc.gal/PaLeGa/>.

Información xeral

Os coordinadores e coordinadoras do centro e o profesorado colaborador deben compartir o plan de traballo xeral. A selección e distribución dos temas e a organización interna da tarefa corresponde, naturalmente, a cada centro.

Informantes

A selección de informantes debe realizarse tendo en conta o seu coñecemento sobre o campo léxico investigado, é dicir, homes e mulleres adultos (máis de 40 anos) que pola súa experiencia profesional ou vital tivesen relación con esas actividades.

Cada enquisa debe ser feita, preferiblemente, a unha soa persoa, pero é aceptable que participen para completala outras persoas da mesma localidade. Pódense facer cantas enquisas se queira: se se escollen informantes de distintos lugares do concello, os materiais recollidos serán máis ricos e diversos.

As persoas entrevistadas deben ser informadas do obxectivo da enquisa e de que os datos recollidos se empregarán para ter un maior coñecemento da cultura local. Os alumnos e alumnas colaboradores deben procurar que estas se decaten do valor cultural e lingüístico da información que coñecen e do interese de que ese coñecemento se conserve e transmita.

Antes de comezar as preguntas da enquisa léxica, os alumnos e alumnas deben anotar os datos identificativos do centro, da persoa informante e do lugar de enquisa.

Enquisa

A enquisa debe realizarse utilizando o formulario que se pode descargar do blog do programa. Para os alumnos e alumnas pode resultar máis cómodo empregar un formulario impreso en papel, que pode acompañarse coa visualización das imaxes nun ordenador portátil, nunha tableta ou nun teléfono móbil. Se se considera necesario, a enquisa pode gravarse utilizando un teléfono ou unha gravadora. En calquera caso, sempre é preciso solicitar o consentimento da persoa entrevistada.

A enquisa debe realizarse nun lugar en que a persoa entrevistada se encontre cómoda, afastada de fontes de ruído e no que os alumnos e alumnas poidan transcribir sen dificultade a información que van escoitando. É recomendable realizar a entrevista sentados e cunha mesa de apoio.

As preguntas deben enunciarse de xeito claro, preciso e empregando os debuxos e fotografías como axuda. As respostas e a información complementaria ofrecidas polos informantes deben transcribirse con grafía clara. As repeticións de respostas deben solicitarse sempre de xeito amable.

Transcrición dos datos

Para a transcrición das respostas debe seguirse o principio de máxima fidelidade á lingua dos e das informantes, en consecuencia respectaranse e anotaranse as súas características lingüísticas propias.

- É preciso recoller da maneira máis fiel posible as formas que os e as informantes facilitan, tentando que a transcrición se achegue á súa pronuncia. Todas elas son válidas e interesantes.
- É preciso representar as variacións gráficas que representan sons diferentes. O criterio nese caso é achegarse o máis posible á pronuncia de quen nos dá a información. Supoñamos que a persoa entrevistada di *pilete* (*peletre*): debe transcribirse a forma tal e como foi pronunciada, *pilete*. Se di *sesta* onde se esperaría *xesta*, transcribirase *sesta*. Se di *murgo*, debe anotarse *murgo* e non *musgo*, etc.
- Deben respectarse as convencións ortográficas que afectan ó uso de <h>, <v> e . Se algunha das formas non aparece nos dicionarios de uso, anótase sen <h> e con .
- Para representar a gheada ou os sons similares débese usar o dígrafo acostumado <gh>: *sabugheiro*, *canghorza*. A representación deste trazo é especialmente interesante nas palabras que teñen o grupo -ng-: *cangorza*, *canghorza*, *cancorza*.
- Se se recolle unha forma con seseo (inicial ou final de sílaba), débese representar graficamente de forma que sexa evidente a pronuncia seseante: *chouriso*, *herba da pesoña*.
- Se é posible, débese indicar o grao de abertura das vogais medias tónicas (os <e> e <o> abertos e pechados). Para iso, propónse usar unha convención fácil e moi estendida: empregar o acento grave <`> para as vogais medias abertas tónicas (*petèla*, *bòla*) e o circunflexo <^> sobre as medias pechadas tónicas

(*pelêtre, bôla*). Se non se usa un destes signos entenderemos que non se marcou o timbre.

Débese ter en conta que, con posterioridade, os lingüistas imos facer un traballo de lematización, isto é: quen busque pola forma estándar *peletre* ten que poder encontrar todos os datos de todas as variantes presentes na base (*peletre, pelete, pilete*), pero quen busque unha variante concreta (*pelete*) tamén ten que poder localizala e comprobar a súa extensión: por iso debemos consignala tal e como a proporcionou o informante.

As persoas colaboradoras do programa poden realizar algunha sesión de proba de entrevista cos alumnos e alumnas para mostrarlles o procedemento (dous alumnos/as, alumno/a e profesor/a, etc.).

Procesamento dos materiais

A información recollida nos cadernos de enquisa debe introducirse nas follas de datos de Excel ou Calc (OpenOffice). Esta tarefa pode ser aproveitada polas persoas colaboradoras para traballar aspectos relacionados coa diversidade lingüística (variacións de formas e significado das palabras), co uso dos dicionarios (elaboración de definicións), coas clases de palabras, co tratamento informático da información lingüística e co coñecemento da cultura tradicional.

Os datos que deben incluírse nas follas son:

→ Datos do centro de ensino

- Centro de ensino: denominación oficial
- Curso: nivel e curso dos alumnos/as que recadaron a información
- Localización da enquisa: concello e parroquia
- Responsable da enquisa: profesores/as responsables da tarefa
- Observacións: notas que se consideran de interese (número de persoas enquisadas, número de alumnos/as participantes, novas preguntas incluídas, etc.)

→ Preguntas

- Resposta: forma da palabra recollida
- Clase de palabra: abreviatura que identifique a clase da palabra (sf, sm pl, a, v, adv, etc.).
- Definición: explicación do significado da palabra recollida. Poden empregarse como modelos de definicións as que figuran no [Dicionario da RAG en rede](#). A definición debe adecuarse á clase de palabra definida.
- Concello: nome oficial completo do concello en que se recolleu a información.

- Parroquia: nome oficial completo da parroquia en que se recolleu a información.
- Observacións: información de interese sobre a palabra ou sobre a realidade que designa (uso da palabra –actual, desusada, etc.–, información cultural, etc.).

A folla de datos (Excel ou Calc) recolle a síntese dos datos do grupo. Para cada pregunta, desprégase unha táboa que permite sintetizar nela todas as respostas recollidas:

- Se a resposta é idéntica e o significado non varía (mesmas regras de xogo, mesmos ingredientes e forma do embutido, etc.), abonda con cubrir un único rexistro (= fileira) por concello. Se hai variación de significado, cómpre indicalo noutro rexistro, coa mesma forma de resposta.
- Polo tanto, cada táboa cóbrese con tantas fileiras coma respostas diferentes (forma e/ou significado) dese o conxunto de informantes entrevistados.
- Os campos non poden ser cubertos con “idem” e formas polo estilo. Se hai que repetir a mesma denominación, repítese.

Exemplo

1. Como se lle chama á masa levedada que se deixa gardada durante varios días ao facer unha fornada de pan e que se emprega para fermentar outra masa na elaboración do pan?

Resposta	Clase de palabra	Definición	Concello	Parroquia	Observacións
lévedo	sm	Masa de fariña levedada que se emprega para fermentar o pan.	Lalín	Donramiro (Santa María), Goiás (San Miguel)	
lévedo	sm	Masa de fariña levedada que se emprega para fermentar o pan.	Agolada	Ferreiroa (San Pedro)	
formento	sm	Masa de fariña levedada que se emprega para fermentar o pan.	Agolada	Ferreiroa (San Pedro)	En Cea tenden o pan. Unha vez feito, antes de ir ao forno, esténdeno nunha táboa e déixano repousar, coma se fose unha segunda fermentación.

Envío dos arquivos

Os arquivos cos datos (follas de cálculo) deben enviarse ás persoas responsables do proxecto unha vez que estean completos e revisados. Desde o blog do programa pode accederse a un formulario para o envío da información recollida, tanto os arquivos de datos, como, se é o caso, as imaxes correspondentes.

A información recibida, unha vez revisada e procesada, pasará a formar parte do proxecto xeral. As persoas colaboradoras e o alumnado participante poderán consultar na páxina do proxecto as súas contribucións e as dos outros centros seleccionados.